

SUBGRUPO A1-TEMA 9-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

TEMA 9- Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia

1. Segundo o recollido no artigo 5 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, pódense ditar normas singulares para adecuar esta lei ás peculiaridades:
 - a) Do persoal investigador.
 - b) Do persoal docente dependente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, agás as materias recollidas no dito artigo.
 - c) Do persoal docente dependente da Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia e do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, agás as materias recollidas no dito artigo.
2. Que persoal, segundo o recollido no artigo 11 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, se rexe pola súa normativa reguladora e, supletoriamente, por esta lei:
 - a) O persoal dos órganos estatutarios da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - b) O persoal que presta servizos no Consello Consultivo de Galicia.
 - c) O persoal funcionario de administración e servizos das universidades públicas galegas.
3. Segundo o artigo 22 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, o exercicio das funcións que impliquen participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais das administracións públicas correspóndelle exclusivamente:
 - a) Ao persoal funcionario de carreira.
 - b) Ao persoal funcionario.
 - c) Aos empregados públicos.
4. Segundo o recollido no artigo 25 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a Administración pode nomear substitutos do persoal funcionario interino:
 - a) Previa autorización das direccións xerais competentes en materia de función pública e de orzamentos.
 - b) Nos supostos recollidos no mesmo artigo 25 da lei.
 - c) A Lei 2/2015 non establece as substitucións do persoal funcionario interino.
5. Segundo o recollido literalmente no artigo 27 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, incorrerán en responsabilidades, nos termos previstos por esta lei:
 - a) As persoas que coa súa actuación irregular dean lugar á conversión en fixa dunha relación laboral de carácter temporal.
 - b) As persoas que coa súa actuación irregular dean lugar á conversión en fixa dunha relación laboral de carácter temporal pola adopción de acordos manifestamente ilegais que causen prexuízo grave á Administración pública en que presten servizos ou aos cidadáns.
 - c) As persoas que coa súa actuación irregular dean lugar á conversión en fixa dunha relación laboral de carácter temporal. As responsabilidades serán valoradas a través da tramitación do procedemento previamente establecido.
6. Con base no recollido no artigo 32 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a quen correspondería o cesamento no caso do persoal eventual das axencias públicas autonómicas?:
 - a) Ao mesmo órgano competente para o seu nomeamento.
 - b) Á persoa que exerza a dirección da axencia.
 - c) As entidades públicas instrumentais do sector público autonómico non poden nomear persoal eventual.

SUBGRUPO A1-TEMA 9-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

7. O artigo 33 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, recolle que as características e o funcionamento do Rexistro de Persoal Directivo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia se regulará mediante:

- a) Lei do Parlamento de Galicia.
- b) Decreto do Consello da Xunta.
- c) Orde da consellería competente en materia de Función Pública.

8. Segundo o artigo 53 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, os requisitos e as condicións para o acceso ao emprego público nas administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei do persoal funcionario de nacionalidade española ao servizo de organismos internacionais estableceranse:

- a) Por Lei do Parlamento de Galicia.
- b) Mediante Decreto do Consello da Xunta de Galicia.
- c) Regulamentariamente.

9. Con base no artigo 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, poderá formar parte dos órganos de selección:

- a) O persoal funcionario interino.
- b) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen colaborado con centros de preparación de opositores.
- c) O persoal funcionario de carreira membro das organizacións sindicais a título individual.

10. Segundo o artigo 63 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a condición de persoal laboral adquirese:

- a) Pola superación do proceso selectivo.
- b) Pola sinatura do contrato de traballo, logo da acreditación de que se reúnen os requisitos e as condicións exixidas e da superación do correspondente proceso selectivo.
- c) Pola sinatura do contrato de traballo, logo da acreditación de que se reúnen os requisitos e as condicións exixidas e, de ser o caso, da superación do correspondente proceso selectivo.

11. Segundo o artigo 66 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a perda da nacionalidade daqueles Estados aos cales, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadores, que fose tida en conta para o nomeamento:

- a) Determina a perda da condición de persoal funcionario.
- b) Determina a perda da condición de persoal funcionario, salvo que con posterioridade se adquira a nacionalidade dalgún dos devanditos Estados.
- c) Determina a perda da condición de persoal funcionario, salvo que simultaneamente se adquira a nacionalidade dalgún dos devanditos Estados.

12. Segundo o artigo 67 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a pena accesoria de inhabilitación absoluta:

- a) Produce a perda da condición de persoal funcionario respecto de todos os empregos ou cargos que se desempeñasen, cando adquira firmeza a sentenza que se impoña.
- b) Produce a perda da condición de persoal funcionario respecto de todos os empregos ou cargos que se desempeñasen, cando se notifique a sentenza que a impoña.
- c) Produce a perda da condición de persoal funcionario respecto de todos os empregos ou cargos que se desempeñasen, cando se dite a sentenza que a impoña.

SUBGRUPO A1-TEMA 9-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

13. Segundo a redacción do artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a xubilación do persoal funcionario pode ser, entre outras:

- a) Voluntaria, polo cumprimento da idade legalmente establecida.
- b) Forzosa, polo cumprimento da idade legalmente establecida.
- c) Ordinaria, polo cumprimento da idade legalmente establecida.

14. Segundo a redacción do artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a xubilación do persoal funcionario pode ser, entre outras:

- a) Pola declaración de incapacidade permanente absoluta para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala.
- b) Polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente parcial en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala.
- c) Polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala.

15. Segundo a redacción do artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, o persoal funcionario docente que imparta as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ou na norma que a substitúa:

- a) Xubilarse á finalización do curso académico en que cumpra a idade legalmente establecida.
- b) Xubilarse ao cumprir a idade legalmente establecida.
- c) Pode optar por se xubilar á finalización do curso académico en que cumpra a idade legalmente establecida.

16. De acordo coa redacción do artigo 69 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, nos supostos de rehabilitación da condición de persoal funcionario, o persoal funcionario reincorporarase ao último posto de traballo que ocupase con carácter definitivo:

- a) Se a solicitude de rehabilitación se presenta antes de que transcorran dous anos desde a extinción da relación de servizo como consecuencia de perda da nacionalidade.
- b) Se a solicitude de rehabilitación se presenta antes de que transcorran dous anos desde a extinción da relación de servizo como consecuencia de xubilación por incapacidade permanente para o servizo.
- c) Se a solicitude de rehabilitación se presenta antes de que transcorran dous anos desde a extinción da relación de servizo como consecuencia de condena á pena principal ou accesoria de inhabilitación.

17. Conforme coa redacción do artigo 72 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei deben elaborar e aplicar un plan de igualdade:

- a) Que se desenvolverá no convenio colectivo ou no acordo de condicións de traballo do persoal laboral que sexa aplicable, nos termos previstos por este.
- b) Que se desenvolverá no acordo de condicións de traballo do persoal laboral que sexa aplicable.
- c) Que se desenvolverá no convenio colectivo ou no acordo de condicións de traballo do persoal funcionario que sexa aplicable.



SUBGRUPO A1-TEMA 9-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

18. Con base no recollido no artigo 73 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, os principios de actuación dos empregados públicos:

- a) Inspiran o código ético regulado nos artigos desta lei.
- b) Inspiran o código de conduta aprobado polo correspondente órgano de goberno.
- c) Inspiran o código de conduta regulado nos artigos desta lei.

19. Segundo o recollido no artigo 75 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a carreira horizontal consiste:

- a) No acceso a outro corpo ou escala do mesmo subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, consonte o establecido nesta sección.
- b) no ascenso na estrutura de postos de traballo polos procedementos de provisión establecidos nesta lei.
- c) No ascenso de grao e de categoría profesional sen necesidade de cambiar de posto de traballo, nos termos que se establezan regulamentariamente en desenvolvemento dos principios recollidos nesta sección.

20. Conforme co recollido no artigo 76 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, para os efectos desta lei, considérase itinerario profesional:

- a) O conxunto dos distintos grupos e subgrupos de clasificación profesional do persoal funcionario que conforman unha área de competencias, capacidades, coñecementos e formación comúns.
- b) O conxunto de corpos e escalas dos distintos grupos e subgrupos de clasificación profesional do persoal funcionario que conforman unha área de competencias, capacidades, coñecementos e formación comúns.
- c) O conxunto de corpos e escalas dos distintos grupos e subgrupos de clasificación profesional do persoal funcionario de carreira que conforman unha área de competencias, capacidades, coñecementos e formación comúns.

21. Segundo o artigo 79 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, as relacións de postos de traballo establecerán, de ser o caso:

- a) A categoría profesional mínima que o persoal funcionario deberá reunir para acceder a cada posto.
- b) A categoría profesional mínima que os empregados públicos deberán reunir para acceder a cada posto.
- c) A categoría profesional mínima que o persoal funcionario de carreira deberá reunir para acceder a cada posto.

22. O artigo 80 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia recolle que cando os procesos selectivos a que se refire este artigo comprendan a valoración de méritos das persoas que participen neles polo sistema de promoción interna preverase unha puntuación específica para quen estea a utilizar ou utilizase nos últimos cinco anos:

- a) Unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada, unha excedencia por agrupación familiar ou unha excedencia para o coidado de familiares.
- b) Unha licenza de maternidade, un permiso por adopción ou acollemento, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares.
- c) Unha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución de xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares.



SUBGRUPO A1-TEMA 9-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

23. O artigo 81 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, recolle literalmente que as convocatorias de procesos selectivos para a promoción interna horizontal do persoal funcionario de carreira poderán:

- a) Eximir total ou parcialmente dalgunha das probas selectivas, e/ou reducir parte do temario, ao persoal que proceda dun corpo ou escala que teña asignadas funcións substancialmente coincidentes no seu contido profesional e no seu nivel técnico coas do corpo ou escala a que desexa promover.
- b) Eximir total ou parcialmente dalgunha das probas selectivas ao persoal que proceda dun corpo ou escala que teña asignadas funcións substancialmente coincidentes no seu contido profesional e no seu nivel técnico coas do corpo ou escala a que desexa promover.
- c) Reducir parte do temario ao persoal que proceda dun corpo ou escala que teña asignadas funcións substancialmente coincidentes no seu contido profesional e no seu nivel técnico coas do corpo ou escala a que desexa promover.

24. O artigo 84 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, recolle que a valoración da conduta profesional dos empregados públicos mediante a avaliación do desempeño terá en conta necesariamente os seguintes criterios (sinalar a opción incorrecta):

- a) O grao de implicación na actualización e no perfeccionamento da cualificación profesional da unidade administrativa en que presten os seus servizos os empregados públicos.
- b) O grao de interese, a iniciativa e o esforzo con que os empregados públicos realicen o seu traballo.
- c) O grao de cumprimento dos deberes profesionais.

25. Segundo o artigo 89 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, cal é o procedemento normal de provisión de postos de traballo polo persoal funcionario de carreira?:

- a) O concurso.
- b) O concurso ordinario.
- c) O concurso específico.

26. Segundo o artigo 89 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, as convocatorias para prover postos de traballo por concurso deben incluír, en todo caso, os seguintes datos e circunstancias (sinalar a incorrecta):

- a) A identificación alfanumérica dos postos que se oferten.
- b) Os requisitos necesarios para participar na convocatoria.
- c) O baremo de méritos.

27. Segundo o recollido no artigo 90 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, para poder participar nos concursos ordinarios:

- a) O persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo debe permanecer nel un mínimo de dous anos.
- b) O persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso debe permanecer nel un mínimo de dous anos.
- c) O persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso ou libre designación debe permanecer nel un mínimo de dous anos.

SUBGRUPO A1-TEMA 9-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

28. Segundo o artigo 91 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, debe permanecer no posto de traballo un mínimo de seis meses para poder participar nos concursos específicos regulados neste artigo:

- a) O persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso.
- b) O persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo.
- c) O persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso ou libre designación.

29. Segundo o artigo 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, soamente se poden proveer polo procedemento de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira:

- a) As vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, as secretarías de altos cargos e, excepcionalmente, aquel outros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo.
- b) As vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, as secretarías de altos cargos, as secretarías de subdireccións e, excepcionalmente, aquel outros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo.
- c) As vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes e as secretarías de altos cargos.

30. Con base no recollido no artigo 94 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a competencia para a remoción dos postos de traballo provistos por concurso na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico corresponde:

- a) Ao Consello da Xunta de Galicia.
- b) Á consellería ou á entidade en que estea destinada a persoa afectada, respectivamente.
- c) Á consellería competente en materia de función pública.

31. Segundo o artigo 97 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, o persoal funcionario de carreira que cese nun posto de traballo sen obter outro polos procedementos ordinarios de provisión previstos no capítulo III do título VI da lei quedará:

- a) Á disposición da consellería competente en materia de función pública ou órgano equivalente.
- b) Á disposición do órgano competente en materia de persoal da consellería competente en materia de función pública.
- c) Á disposición do órgano competente en materia de persoal da Administración pública en que estea destinado.

32. Segundo o artigo 97 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a conformidade da persoa afectada será necesaria:

- a) Para a adscrición provisional cando implique cambio de entidade.
- b) Para a adscrición provisional cando implique cambio de consellería.
- c) Para a adscrición provisional cando implique cambio de localidade.



SUBGRUPO A1-TEMA 9-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

33. O persoal funcionario afectado por un traslado voluntario a sectores prioritarios de actividade pública con necesidades específicas de efectivos, recollido no artigo 100 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia:

- a) Percibirá as retribucións correspondentes ao posto de traballo de orixe.
- b) Percibirá as retribucións correspondentes ao posto de traballo que realmente desempeñe ou as do posto de orixe no caso de que o traslado sexa por atribución de tarefas.
- c) No caso de que o traslado sexa motivado pola existencia de sectores prioritarios da actividade pública con necesidades específicas de efectivos, percibirá as retribucións correspondentes ao posto de traballo de orixe.

34. Segundo o artigo 102 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, para a mobilidade interadministrativa por motivos de violencia de xénero:

- a) No caso de que a relación de postos de traballo non permita a cobertura do posto por persoal doutras administracións públicas, será necesario realizar unha modificación da relación de postos de traballo que permita a cobertura.
- b) É necesario que a relación de postos de traballo permita a cobertura do posto por persoal doutras administracións públicas.
- c) Non é necesario que a relación de postos de traballo permita a cobertura do posto por persoal doutras administracións públicas.

35. Segundo o artigo 103 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, se o posto de traballo asignado por reasignación de efectivos está situado noutra localidade e, como consecuencia, o persoal funcionario afectado traslada o seu lugar de residencia, entre as cantidades que se percibirá figurará:

- a) Unha indemnización de tres mensualidades da totalidade das retribucións, agás o complemento específico.
- b) Unha indemnización de tres mensualidades da totalidade das retribucións, agás o complemento de desempeño.
- c) Unha indemnización de tres mensualidades da totalidade das retribucións, agás o complemento de posto de traballo.

36. Segundo o artigo 108 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, nos casos de falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica dun familiar, para o cómputo dos prazos nos casos de intervención cirúrxica sen hospitalización que requira repouso domiciliario, será:

- a) A localidade en que se realice o repouso domiciliario a que se debe tomar como referencia con respecto ao termo municipal da residencia da persoa funcionaria.
- b) A localidade en que se realice o repouso domiciliario a que se debe tomar como referencia con respecto ao termo municipal de destino da persoa funcionaria.
- c) A Lei 2/2015 non fai referencia a localidade de referencia neste artigo.

37. Segundo o artigo 111 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia:

- a) O persoal funcionario ten dereito a un permiso para concorrer a exames finais ou outras probas definitivas de aptitude.
- b) O persoal funcionario de carreira ten dereito a un permiso para concorrer a exames finais ou outras probas definitivas de aptitude.
- c) O persoal funcionario ten dereito a un permiso para concorrer a exames ou outras probas de aptitude.



SUBGRUPO A1-TEMA 9-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

38. Segundo recolle o artigo 115 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, cando exista necesidade de desprazamento para recibir un tratamento de fecundación asistida, o persoal funcionario:

- a) Ten dereito a un permiso cunha duración de dous días hábiles.
- b) Ten dereito a un permiso cunha duración de dous días naturais.
- c) Ten dereito a acollerse a aqueles permisos adecuados á natureza do asunto nos termos establecidos no capítulo VI da lei.

39. Con base no recollido no artigo 121 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, no caso dun parto múltiple con dous fillos, a nai funcionaria ten dereito a un permiso retribuído de:

- a) Vinte e catro semanas.
- b) Vinte e dúas semanas.
- c) Dezaioito semanas.

40. Conforme co sinalado no artigo 122 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, nos casos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo coma permanente ou simple, o persoal funcionario ten dereito a un permiso retribuído de:

- a) Dezaseis semanas ininterrompidas.
- b) Vinte semanas ininterrompidas.
- c) Vinte e dúas semanas ininterrompidas.

41. Segundo o artigo 129.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, as licenzas para a realización de estudos sobre materias directamente relacionadas coa Administración pública pódense concedérselle igualmente, durante o tempo que se prolongue o curso selectivo ou o período de prácticas, ao persoal funcionario en prácticas que xa estivese prestando servizos remunerados na Administración como:

- a) Empregado público.
- b) Persoal funcionario de carreira.
- c) Persoal funcionario.

42. Segundo o artigo 129.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, nas licenzas para a realización de estudos sobre materias directamente relacionadas coa Administración pública, no caso de que os servizos como funcionario de carreira se prestasen na mesma Administración na que se adquiriu a condición de persoal funcionario en prácticas:

- a) Poderá optarse por percibir as retribucións que correspondan como persoal funcionario de carreira ou as retribucións previstas para o persoal funcionario en prácticas.
- b) Percibiranse as retribucións que correspondan como persoal funcionario de carreira.
- c) Percibiranse as retribucións previstas para o persoal funcionario en prácticas.

43. Segundo o recollido no artigo 134 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, non se poderán acordar incrementos retributivos que globalmente supoñan un incremento da masa salarial superior aos límites fixados anualmente:

- a) Na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Na Lei de orzamentos xerais do Estado.
- c) Na Lei de medidas fiscais e administrativas do Estado.

SUBGRUPO A1-TEMA 9-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

44. Segundo o literal do artigo 136 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, cando o persoal funcionario cambie de adscripción de subgrupo ou grupo antes de completar un trienio, a fracción de tempo transcorrido considerarase como:

- a) Tempo de servizos prestados no anterior subgrupo ou grupo.
- b) Tempo de servizos prestados no anterior subgrupo.
- c) Tempo de servizos prestados no novo subgrupo ou grupo.

45. Segundo o recollido no artigo 138 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, o importe de cada unha das dúas pagas extraordinarias que ten dereito a percibir anualmente o persoal funcionario está composto de:

- a) Unha mensualidade das retribucións básicas e do complemento de carreira.
- b) Unha mensualidade das retribucións básicas e dos complementos de carreira e de posto de traballo.
- c) Unha mensualidade das retribucións básicas e dos complementos de destino e específico.

46. Segundo o recollido no artigo 146.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei aboarán o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou de gozo da licenza por enfermidade que, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, acade o:

- a) 100 % das retribucións fixas do mes do anterior ao do inicio da incapacidade temporal.
- b) 75 % das retribucións fixas do mes do inicio da incapacidade temporal.
- c) 100 % das retribucións fixas do mes do inicio da incapacidade temporal.

47. Segundo o recollido no artigo 147.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, o exercicio dos dereitos dos empregados públicos á negociación colectiva, á representación e á participación institucional para a determinación das condicións de traballo réxese:

- a) Polas disposicións contidas no título VII da Lei 2/2015.
- b) Polas disposicións contidas no Estatuto básico do empregado público.
- c) No caso do persoal funcionario, polas disposicións contidas no título VII da Lei 2/2015 e, no caso do persoal laboral, pola lexislación laboral, sen prexuízo dos preceptos do dito título que expresamente lle son aplicables.

48. Segundo o recollido no artigo 148.5 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, están lexitimados para a interposición de recursos en vía administrativa e xurisdiccional contra as resolucións dos órganos de selección, nos termos establecidos pola lexislación aplicable:

- a) As organizacións sindicais máis representativas no ámbito da función pública.
- b) As organizacións sindicais máis representativas.
- c) As Xuntas de Persoal.

49. Segundo o recollido no artigo 150.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, serán obxecto de negociación as cuestións relativas ao incremento das retribucións e á determinación e aplicación daqueles conceptos retributivos que afecten o conxunto do persoal funcionario da correspondente Administración pública en:

- a) As mesas xerais de negociación do persoal funcionario de carreira.
- b) As mesas xerais de negociación do persoal funcionario.
- c) As mesas xerais de negociación dos empregados públicos.

SUBGRUPO A1-TEMA 9-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

50. Consonte ao recollido no artigo 151 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, as mesas de negociación do persoal funcionario quedan validamente constituídas cando, ademais da representación da Administración correspondente, e sen prexuízo do dereito de todas as organizacións sindicais lexitimadas a participaren nelas en proporción á súa representatividade, tales organizacións sindicais representen, como mínimo:

- a) A maioría absoluta dos membros dos órganos unitarios de representación no ámbito de que se trate.
- b) A maioría dos membros dos órganos unitarios de representación no ámbito de que se trate.
- c) A maioría absoluta dos membros dos órganos de representación no ámbito de que se trate.

51. Segundo o recollido no artigo 151 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, as variacións na representatividade sindical, para os efectos de modificación na composición das mesas de negociación, serán acreditadas polas organizacións sindicais interesadas, mediante o correspondente certificado da oficina pública de rexistro competente:

- a) Cada dous anos a partir da constitución das citadas mesas.
- b) Cada ano a partir da data inicial de constitución das citadas mesas.
- c) Cada dous anos a partir da data inicial de constitución das citadas mesas.

52. Os acordos aos que se refire o artigo 154 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, versarán sobre materias:

- a) Que sexan competencia dos órganos de goberno das administracións públicas, e para a súa validez e eficacia será necesaria a súa aprobación expresa e formal por eses órganos.
- b) Que se correspondan estritamente co ámbito competencial do órgano administrativo que o subscriba e aplicaranse directamente ao persoal do ámbito correspondente.
- c) Que sexan competencia dos órganos de goberno das administracións públicas, e para a súa validez e eficacia non será necesaria a súa aprobación expresa e formal por eses órganos.

53. Segundo o artigo 155 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, logo de acordo coas organizacións sindicais lexitimadas nos artigos 6 e 7 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, ou nas normas que os substitúan, os órganos de goberno das administracións públicas poden modificar ou establecer unidades electorais en razón:

- a) Do número e das peculiaridades do seu persoal funcionario.
- b) Do número e das peculiaridades dos seus empregados públicos.
- c) Do número e das peculiaridades do seu persoal funcionario de carreira.

54. Con base no sinalado no artigo 156 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, nas unidades electorais onde o número do persoal funcionario sexa igual 5:

- a) Non existirá delegado de persoal.
- b) Elixirase un delegado de persoal.
- c) Elixiranse tres delegados de persoal.

55. Segundo o artigo 156 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, nas unidades electorais onde o número do persoal funcionario sexa igual a 50:

- a) Elixiranse tres delegados de persoal.
- b) Elixiranse cinco delegados de persoal.
- c) Constituiranse xuntas de persoal.

SUBGRUPO A1-TEMA 9-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

56. Segundo o artigo 157 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, entre as funcións das xuntas de persoal e dos delegados de persoal nos seus respectivos ámbitos está:

- a) Ser informado de todas as sancións impostas.
- b) Ser informado de todas as propostas de sancións por faltas moi graves.
- c) Ser informado de todas as sancións impostas por faltas graves ou moi graves.

57. Segundo o literal do artigo 159 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, o mandato dos membros das xuntas de persoal e dos delegados de persoal é de:

- a) Catro anos.
- b) Catro anos, e poden ser reelixidos.
- c) Catro anos, e poden ser reelixidos por outro período de catro anos.

58. Segundo o artigo 160 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, poden promover a celebración de eleccións a delegados e xuntas de persoal, entre outros:

- a) O persoal funcionario da unidade electoral, por acordo maioritario de dous terzos da unidade electoral.
- b) O persoal funcionario da unidade electoral, por acordo maioritario de tres quintos da unidade electoral.
- c) O persoal funcionario da unidade electoral, por acordo maioritario.

59. O artigo 161 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, recolle que os delegados de persoal se elixirán:

- a) Mediante listas pechadas a través dun sistema proporcional.
- b) Mediante listas abertas e sistema maioritario.
- c) Mediante listas abertas e sistema proporcional.

60. Cal dos seguintes sistemas de solución extraxudicial de conflitos colectivos está previsto no artigo 162 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia?:

- a) A mediación, que será obrigatoria cando o solicite unha das partes e as propostas de solución que ofrezca o mediador ou os mediadores deben ser aceptadas polas partes.
- b) A mediación, que será obrigatoria cando o solicite unha das partes, e as propostas de solución que ofrezca o mediador ou os mediadores poden ser libremente aceptadas ou rexeitadas por elas.
- c) A mediación, mediante a que as partes poden acordar voluntariamente encomendarlle a un terceiro a resolución do conflito suscitado e comprométense de antemán a aceptar o contido da devandita resolución.

61. O artigo 164 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia recolle as situacións administrativas nas que se pode encontrar o persoal funcionario de carreira. Cal das seguintes non aparece recollida neste artigo?:

- a) Servizo noutras administracións públicas.
- b) Excedencia forzosa.
- c) Excedencia por agrupación familiar.



SUBGRUPO A1-TEMA 9-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

62. Con base no recollido no artigo 167 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, en cal dos seguintes casos non estará o persoal funcionario de carreira na situación de servizos especiais?:

- a) Cando sexa autorizado para realizar unha misión por un período determinado igual ou superior a dous meses en organismos internacionais, gobernos ou entidades públicas estranxeiras ou en programas de cooperación internacional.
- b) Cando desempeñe un posto de traballo de carácter directivo no Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia.
- c) Cando sexa designado como persoal eventual para realizar funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial e non opte por permanecer na situación de servizo activo.

63. Segundo o recollido no artigo 171 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, o persoal funcionario de carreira na situación de servizos noutras administracións públicas:

- a) Conserva a condición de persoal funcionario da Administración de orixe. Nesta condición, ten dereito a participar nas convocatorias para a provisión de posto de traballo que efectúe a Administración de orixe.
- b) Conserva a condición de persoal funcionario da Administración de orixe. Nesta condición, as bases das convocatorias para a provisión de postos de traballo que efectúe a Administración de orixe fixarán o seu dereito ou non a participar nelas.
- c) Conserva a condición de persoal funcionario da Administración de orixe. Esta condición non leva aparelado o dereito a participar nas convocatorias para a provisión de posto de traballo que efectúe a Administración de orixe.

64. Conforme co recollido no artigo 171 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, no suposto de cesamento nun posto obtido por libre designación, o persoal funcionario na situación de servizos noutras administracións públicas deberá solicitar o reingreso ao servizo activo na Administración de orixe:

- a) No prazo máximo dun mes contado desde o día do cesamento.
- b) No prazo máximo dun mes, logo de transcorrido o prazo máximo que ten a Administración de destino para acordar a súa adscrición a outro posto ou logo de recibida a comunicación de que non se vai facer efectiva.
- c) No prazo máximo de trinta días, logo de transcorrido o prazo máximo que ten a Administración de destino para acordar a súa adscrición a outro posto ou logo de recibida a comunicación de que non se vai facer efectiva.

65. O artigo 172 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, recolle as distintas modalidades de excedencia voluntaria do persoal funcionario de carreira. Sinala cal das seguintes non figura recollida no dito artigo:

- a) Excedencia para o coidado de fillos menores de tres anos.
- b) Excedencia por interese particular.
- c) Excedencia por agrupación familiar.

66. Con base ao recollido nos artigos 172 a 177 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a cal das seguintes modalidades de excedencia voluntaria pode acceder o persoal funcionario interino?:

- a) Excedencia por agrupación familiar.
- b) Excedencia por razón de violencia de xénero.
- c) O persoal funcionario interino non pode acceder á situación de excedencia voluntaria.





SUBGRUPO A1-TEMA 9-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

67. Segundo o literal do artigo 176 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, o tempo de permanencia na situación de excedencia por coidado de familiares:

- a) Compútase para os efectos de trienios, carreira e dereitos no réxime da Seguridade Social que sexa aplicable, e reservarase un posto de traballo correspondente ao seu corpo ou escala na mesma localidade do posto que se ocupase con carácter definitivo.
- b) Compútase para os efectos de trienios e reservarase un posto de traballo correspondente ao seu corpo ou escala na mesma localidade do posto que se ocupase con carácter definitivo.
- c) Compútase para os efectos de trienios, carreira e dereitos no réxime da Seguridade Social que sexa aplicable, e reservarase o posto de traballo que se ocupase con carácter definitivo.

68. Segundo o recollido no artigo 178 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia:

- a) O reingreso ao servizo activo do persoal funcionario de carreira efectuarase por adscrición provisional a un posto de traballo, de acordo coas necesidades do servizo e sempre que se reúnan os requisitos exixidos para ocupar o posto.
- b) O reingreso ao servizo activo do persoal funcionario de carreira poderá efectuarse por adscrición provisional a un posto de traballo, de acordo coas necesidades do servizo e sempre que se reúnan os requisitos exixidos para ocupar o posto.
- c) O reingreso ao servizo activo do persoal funcionario de carreira que non teña reservado o posto de traballo terá que efectuarse mediante a participación nas convocatorias de concurso, ordinario ou específico, para a provisión de postos de traballo.

69. En que situación será declarado o persoal funcionario de carreira, consonte o recollido no artigo 179 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, cando unha vez concluído o período de suspensión firme ou de suspensión provisional por condena a penas que non supoñan inhabilitación ou suspensión de emprego ou cargo público, pero determinen a imposibilidade de desempeñar o posto de traballo, solicite o reingreso ao servizo activo nos termos e prazos que se establecen nesta lei e non o poida obter por falta de posto vacante con dotación orzamentaria?:

- a) En situación de excedencia voluntaria.
- b) En situación de expectativa de destino.
- c) En situación de excedencia forzosa.

70. O persoal funcionario que se atope na situación de suspensión de funcións por razón de procesamento ou condena penal, recollida no artigo 181 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, ten dereito:

- a) A percibir durante o período de suspensión as retribucións e, de ser o caso, as prestacións familiares por fillo a cargo, e manterá en todo caso o posto de traballo que ocupase con carácter definitivo.
- b) Á suspensión de funcións motivada por razón de procesamento ou condena penal leva aparellada a perda das retribucións durante o período de suspensión.



SUBGRUPO A1-TEMA 9-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

- c) A percibir durante o período de suspensión as retribucións básicas e, de ser o caso, as prestacións familiares por fillo a cargo, e manterá en todo caso o posto de traballo que ocupase con carácter definitivo.

71. Con base no recollido no apartado 1 do artigo 185 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, cal das seguintes non está catalogada como unha falta moi grave dos empregados públicos?:

- a) A utilización indebida da documentación ou información a que teñan ou tivesen acceso por razón do seu cargo ou función.
- b) A desobediencia aberta ás instrucións dun superior, salvo que constitúan unha infracción manifesta do ordenamento xurídico.
- c) A realización de actos encamiñados a impedir a asistencia ao posto de traballo de quen non queira participar nunha folga.

72. Con base no recollido nos artigos 188 a 190 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, cando un empregado público incorra en falsidade de carácter esencial en calquera documento que se incorpore a unha declaración responsable, poderáselle impoñer a sanción de:

- a) Suspensión firme de funcións, ou de emprego e soldo no caso do persoal laboral, por un período de tres anos e un día.
- b) Perda de dous graos no sistema de carreira horizontal.
- c) Imposibilidade de participar en procedementos de provisión de postos ou de promoción interna por un período de dous anos.

73. Con base no recollido nos artigos 188 a 190 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a perda de dous graos no sistema de carreira vertical e privación do dereito a ser avaliado para o ascenso de grao por un período de entre dous anos e un día e catro anos está catalogada dentro das sancións disciplinarias como:

- a) Sanción por faltas moi graves.
- b) Sanción por faltas graves.
- c) Non figura catalogada como sanción.

74. Con base no recollido nos artigo 192 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia:

- a) No caso das faltas moi graves e das faltas graves, exceptuando as faltas leves, non se pode impoñer sanción disciplinaria ningunha sen a tramitación do procedemento previamente establecido.
- b) Para a imposición de faltas moi graves establecerase un procedemento agravado que garantirá en todo momento os dereitos de defensa dos empregados públicos.
- c) Se durante a substanciación dun procedemento disciplinario a persoa contra a cal se dirixe perde a condición de empregado público, declararase de oficio a finalización do procedemento e ordenarase o arquivo das actuacións.

75. Segundo o artigo 194 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia:

- a) Durante a substanciación do procedemento disciplinario, o órgano competente para resolver pode adoptar, mediante resolución motivada, as medidas provisionais que estime oportunas.
- b) Con anterioridade á iniciación do procedemento disciplinario, o órgano competente para resolver pode adoptar, mediante resolución motivada, as medidas provisionais que estime oportunas.

SUBGRUPO A1-TEMA 9-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

- c) Durante a substanciación do procedemento disciplinario, o órgano competente para resolver pode adoptar, mediante resolución motivada, as medidas provisionais ou as actuacións previas que estime oportunas.

76. Con base no recollido no artigos 186 e 189 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, o incumprimento das normas en materia de incompatibilidades cando non supoña o mantemento dunha situación de incompatibilidade pode dar lugar a unha sanción de:

- a) Suspensión firme de funcións, ou de emprego e soldo no caso do persoal laboral, por un período de entre tres anos e un día e seis anos.
- b) Suspensión firme de funcións, ou de emprego e soldo no caso do persoal laboral, por un período de entre quince días e tres anos.
- c) Suspensión firme de funcións, ou de emprego e soldo no caso do persoal laboral, por un período inferior a quince días.

77. Con base no recollido no artigos 186 e 198 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, unha falta disciplinaria derivada do incumprimento das normas en materia de incompatibilidades cando non supoña o mantemento dunha situación de incompatibilidade prescribe:

- a) Aos tres anos.
- b) Aos dous anos.
- c) Aos seis meses.

78. Con base no recollido no artigos 186 e 199 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, a anotación dunha sanción por falta disciplinaria derivada do incumprimento das normas en materia de incompatibilidades cando non supoña o mantemento dunha situación de incompatibilidade no correspondente rexistro de persoal será cancelada cando transcorra:

- a) O prazo dun ano desde o cumprimento da sanción.
- b) O prazo de dous anos desde o cumprimento da sanción.
- c) O prazo de tres anos desde o cumprimento da sanción.

79. Con base no recollido no artigo 198 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, o prazo de prescrición das faltas comeza a contarse:

- a) Desde a emisión da resolución que poña fin ao procedemento disciplinario.
- b) Desde a firmeza da resolución sancionadora.
- c) Desde que a falta se cometese, ou desde o cesamento da súa comisión cando se trate de faltas continuadas.

80. Con base ao recollido no artigo 198 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, o prazo de prescrición das sancións comeza a contarse:

- a) Desde a emisión da resolución que poña fin ao procedemento disciplinario.
- b) Desde a firmeza da resolución sancionadora.
- c) Desde que a falta se cometese, ou desde o cesamento da súa comisión cando se trate de faltas continuadas.